Ramón Piñeiro

Galeguista, editor e ensaísta

Letras Galegas 2009

XUNTA DE GALICIA

Ramón Piñeiro
Galeguismo antes da Guerra Civil

Infancia, adolescencia e achegamento ao pensamento galeguista

Ramón Piñeiro nace en 1915 en Láncara, unha aldea de provincia de Lugo, no seo dunha familia labrega. O pai aprendeulle a ler e desde moi cativo atopou na lectura a compañía que non tiña doutros nenos da súa idade nunha aldea moi pequena.

> Esta afección de Ramón Piñeiro a ler os periódicos e a capacidade sintética que lle permitía presentar con claridade os problemas creou un curioso costume. Os domingos, despois da misa, no adro da igrexa, xuntábanse os paisanos da parroquia, que sometían ao rapaz a un longo e exhaustivo interrogatorio para saber que pasaba en España e no mundo. As sesións non eran meramente informativas, senón que Piñeiro expresaba tamén a súa opinión e con frecuencia introducía elementos especulativos baseados na análise dos feitos, que por se ver confirmados ás veces posteriormente pola realidade, acabaron por outorgarlle a aquel rapaz a fama de listo.
>
> **Texto 1.** Carlos Casares, *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia,* Editorial Galaxia.

A compañía de xente maior fixo del un neno especialmente maduro para a súa idade. Viviu desde cativo os problemas da xente maior, o que inconscientemente foi formando dentro del unha sensibilidade especial polos problemas sociais e económicos da Galicia da súa infancia.

> Ao mesmo tempo, esta fama de rapaz intelixente e sabio converteuno tamén en conselleiro de moitos dos seus paisanos e paisanas, que acudían a el para que lles resolvese algúns problemas, especialmente a lectura das cartas dos familiares que se atopaban na emigración. Algúns deles, igualmente, pedíanlle que lles escribise as respostas, que o rapaz atendía pacientemente, esmerándose na letra redonda e clara que o seu pai, pensando quizais en buscarlle no futuro algún traballo burocrático, lle ensinara a facer. Desta maneira, Piñeiro, a nai do cal fora tamén emigrante en Bos Aires, coñeceu xa desde moi novo a verdade máis íntima, quizais por iso ta-

mén máis dramática, dunha realidade social que había constituír unha das preocupacións máis intensas do seu pensamento político e social posterior.

Texto 2. Carlos Casares, *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia,* Editorial Galaxia.

Xa nos tempos da escola percibiu a diglosia e provocou nel o seu compromiso co idioma galego que mantería durante toda a súa vida.

> Deica entón a miña lingua única fora o galego, así que o choque máis importante que me produciu a escola foi o cambio de lingua. O escolante, que era de Lugo, falaba en castelán dentro e fóra da escola e falábao con todo o mundo, mesmo que fosen nenos ou vellos, homes ou mulleres, labregos ou cregos. Non facía a menor concesión. Falaba en castelán coa intransixente firmeza de quen cumpre un alto e sagrado deber. Eu tiña a vantaxe de que coñecía o castelán porque sabía ler ben e tamén sabía escribir. Non tiña dificultade intelectual para entender e aínda para falar elementalmente castelán, que era unha situación privilexiada entre os nenos que estaban na idade de entrar na escola. Mais como a miña expresión espontánea e habitual manifestábase en galego —o galego era o meu idioma—, o súpeto e ríxido cambio de lingua producía en min un sentimento de distancia psicolóxica. Ademais da autoridade da súa idade, do seu saber e do seu poder, o escolante tiña outra estraña autoridade: a da lingua. A idade, o saber e as facultades propias da súa función dábanlle ao escolante unha superioridade natural dentro do noso mundo infantil. Pero a utilización ríxida dunha lingua distinta da nosa, dunha lingua que excluía a nosa, dáballe unha autoridade estraña, unha autoridade que non era natural, unha autoridade que tiña un significado negativo, xa que en lugar de establecer a superioridade persoal do mestre trataba de establecer a nosa inferioridade colectiva. E non só a nosa inferioridade en canto escolares, senón a inferioridade en canto galegofalantes. Mais esa inferioridade englobaba tamén os nosos pais, os nosos irmáns e familiares, os nosos veciños, todo o que era o noso mundo propio.

Texto 3. Carlos Casares, *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia,* Editorial Galaxia.

Adolescencia

A aldea, aínda que berce da súa familia e lugar entrañable polo cariño con que era tratado polos veciños, era un horizonte cativo para un rapaz das capacidades de Ramón Piñeiro. Axiña tivo a oportunidade de trasladarse á cidade, onde ademais de traballar podería ter a posibilidade de estudar para aproveitar ao máximo as súas capacidades.

> (…) o xa citado fillo do secretario do concello. Foi este quen un día falou co pai de Piñeiro, facéndolle ver que non era xusto limitar un neno tan intelixente e ben dotado intelectualmente aos labores do campo. Despois dalgunhas conversas, nas que invocou o sentido da responsabilidade paterna, conseguiu que se pensase nun futuro diferente para o rapaz. De xeito que, valéndose da amizade que o pai de Piñeiro tiña cun comerciante de Sarria, o neno entrou de dependente nunha ferraxaría para levar as contas e a correspondencia.
>
> En Sarria, Piñeiro vivía na casa do seu patrón, Pedro Cortinas, onde era tratado como se fose da familia. Home ilustrado e preocupado por cuestións políticas, o dono da ferraxaría estaba subscrito ao diario *El Sol,* que Piñeiro empezou a ler con auténtica voracidade, pois no citado periódico escribían as máis importantes figuras da intelectualidade española da época, entre elas Ortega y Gasset. Os artigos e as noticias comentábaas o rapaz co seu patrón (…).

Texto 4. Carlos Casares, *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia,* Editorial Galaxia.



A descuberta e compromiso co ideario galeguista

Xa vimos que desde neno Ramón Piñeiro sentía de xeito case intuitivo o valor da lingua galega e coñecera de primeira man as penalidades económicas e sociais dos seus humildes veciños, mais será na adolescencia cando madure nel o seu compromiso co galeguismo. En parte será grazas á lectura.

Pouco despois de chegar a Sarria, Piñeiro subscribiuse a *El Pueblo Gallego,* que daquela era moi galeguista, unha posición que a el, dun xeito aínda inconsciente, lle interesaba. Nas súas páxinas descubrirá que o galego, do que el non coñecía ata entón outra manifestación culta que non fose a poética, era tamén unha lingua periodística. Sentía unha intensa atracción polos artigos de Otero Pedrayo que, aínda que non os conseguía comprender dun xeito claro, lle chamaban a atención (…).

Texto 5. Carlos Casares, *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia,* Editorial Galaxia.

En 1931, cando tiña 17 anos, é proclamada a Segunda República. Asiste a un mitin no que intervén Lois Peña Novo, que o impresiona moito pola súa coherencia cos problemas reais da xente e porque era a primeira vez que escoitaba falar en galego nun acto público, algo daquela moi pouco usual.

Na campaña das primeiras eleccións, organizouse un mitin en Sarria, durante o cal falaron Julio Sigüenza, Lois Peña Novo e Ánxel Fole. Malia a retórica do primeiro decepcionalo vivamente, os discursos dos outros dous oradores chamaríanlle a atención por motivos diversos, incluso contrapostos. Quen realmente o sorprendeu foi Peña Novo. En primeiro lugar porque era a primeira vez que escoitaba falar galego nun acto público, pero tamén porque, tal como lle sucedera anteriormente cos artigos de Otero Pedrayo, o galego en que se expresaba aquel orador era completamente distinto do que el escoitara ata entón.

Texto 6. Carlos Casares, *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia,* Editorial Galaxia.

En 1932 participa en Lugo na fundación das Mocidades Galeguistas locais. É elixido o seu secretario de Cultura. Durante a organización de actividades culturais coñece a Otero Pedrayo. Antes lera no xornal *El Sol* a polémica provocada polo seu admirado Otero Pedrayo tras unhas declaracións, cando era deputado nacionalista nas Cortes de Madrid, a favor da autonomía de Galicia.

Por *El Sol* decatouse pouco despois dun acto de afirmación galeguista celebrado en Madrid, no restaurante La Bombilla, no mes de agosto de 1931, no transcurso do cal Otero Pedrayo pronunciou un discurso en defensa da autonomía galega que provocou certo escándalo na prensa madrileña polo seu carácter radical, pois o orador chegou a afirmar que Galicia podía pedir axuda a Portugal para conseguir as cotas de autogoberno que se lle negaban. O citado discurso era unha resposta ao sucedido uns días antes nas Cortes, cando se discutía se a nova República ía ser unitaria ou federal, e triunfou a primeira fórmula, a pesar de que a participación de Otero Pedrayo no debate a favor da segunda tese estivo a punto de conseguir o seu propósito. Aquel episodio afirmou aínda máis os incipientes sentimentos galeguistas de Ramón Piñeiro.

Texto 7. Carlos Casares, *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia,* Editorial Galaxia.

En 1933 asiste á Asemblea que o Partido Galeguista organizaba en Santiago de Compostela para preparar as eleccións e coñece a Castelao, Alexandre Bóveda, Gómez Román, Plácido Castro etc.

En 1936, o 18 de xullo, en representación dos galeguistas asesora o gobernador de Lugo. Consegue fuxir do Goberno Civil sen que o deteñan os militares que tiñan a misión de facerse co control da sede do Goberno Civil Provincial. Ramón Piñeiro sálvase de ser detido ou condenado a morte de xeito case milagroso.

Nos primeiros días o que máis se notaron foron as medidas do estado de guerra (…), pero pasado algún tempo comezaron as detencións. Logo, os paseos. Iniciouse o terror, o gran medo que ía en aumento. Polas noites, cando sentías o motor dun coche encollíaseche o corazón de angustia pensado onde pararía. Se pasaba sen se deter, respirabas tranquilo. Logo, polas mañás, pescudabas con medo as novas dos que morreran aquela noite.

En varias ocasións foi sinalado o meu nome para ser incluído nas listas das vítimas, pero sempre xurdiu algún defensor decidido que me vetou. E aínda máis: aqueles defensores endexamais me informaron nin me venderon o favor (…). Así fun sorteando sucesivos perigos, ás veces ocultándome na casa dalgún amigo non sospeitoso, outras na casa dalgún parente da aldea, durante certo tempo en Láncara (…). Mentres, foron desaparecendo moitos compañeiros: uns, como Bóveda, foron fusilados; outros, como Galán Calvete, paseados; algúns estaban presos agardando o consello de guerra; outros fuxidos no monte.

Texto 8. Ramón Piñeiro. Entrevista. [En Víctor Freixanes, *Unha ducia de galegos,* 1976].

Cuestións:

En que modo e medida cres que as experiencias infantís recollidas nos textos 1, 2 e 3 forxaron a personalidade e ideoloxía de Ramón Piñeiro?

_____

_____

_____

_____

Nos textos 4, 5 e 7 fálase da importancia da prensa escrita na súa formación. Cres que a prensa ten hoxe tanta influencia? Que outros medios de comunicación cres hoxe máis determinantes na creación de opinión?

_____

_____

_____

_____

Ramón Piñeiro
Galeguismo despois da Guerra Civil I

Ramón Piñeiro é chamado a filas no bando sublevado e ten que disimular en todo momento o seu pasado galeguista para evitar represalias. Salva a vida milagrosamente en varias ocasións en que participa no combate, pero o que o impresiona moito son episodios como o narrado a continuación:

> Con todo, os episodios máis dolorosos para Piñeiro, aqueles que o magoaron intimamente ata causarlle verdadeiros trastornos psíquicos, tiñan que ver, sobre todo, co embrutecemento que ocasionaba a guerra. Pouco a pouco, cando empezou a ser consciente de que moitos compañeiros, en xeral bos rapaces, se apuntaban aos pelotóns de fusilamento só para poder quedar co calzado ou a roupa dos mortos, sen que tal proceder lles producise nin remordementos nin inquietude, entrou nunha depresión profunda que o mantivo varios días nun estado de abulia paralizante.

Texto 9. Carlos Casares, *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia,* Editorial Galaxia.

Actividade política na clandestinidade

En canto acaba a Guerra Civil, Ramón Piñeiro mantén o seu compromiso político con Galicia e reactiva a acción política, mais na clandestinidade. Na Universidade de Santiago de Compostela coincide con algúns superviventes das Mocidades Galeguistas nas que todos militaran.

En 1943 participa activamente na reorganización clandestina do galeguismo. Tres presupostos:

a) reivindicación autonómica

b) fronte de oposición democrática á ditadura en alianza cos vascos e cataláns

c) contacto permanente co galeguismo no exilio.

No exilio tamén se activa a organización galeguista. A coordinación entre o exilio e a resistencia galeguista no interior faise, debido á vixilancia do franquismo, extremadamente difícil, o que levará a non poucos malentendidos e unha inevitable ruptura.

> En virtude das declaracións anteditas, acordouse constituír unha entidade denominada Consello de Galiza (…) e, como primeira medida acordou, por unanimidade (…), conferirlle a Presidencia do Consello a Alfonso Rodríguez Castelao, quen fica autorizado desde este intre para levar as negociacións de alianza cos presidentes de Euskadi e Catalunya co fin de que Galicia entre, con propia personalidade e tripla forza, nunha concordia xeral española capaz de derrubar o réxime franquista e restablecer a liberdade en España.
>
> **Texto 9.** Acta de constitución do Consello de Galiza. Montevideo, 15-11-1944

Despois trasládase a Madrid para completar os seus estudos e alí coincide con outros nacionalistas vascos e cataláns. Un destes, Josep Benet, recorda así ao Piñeiro daqueles anos:

> A miña amizade con Ramón Piñeiro naceu en Madrid, nos primeiros anos da posguerra. El era unha daquelas —poucas— persoas que nos máis negros anos do réxime franquista, cando tantos perderán a esperanza, traballaban nas organizacións clandestinas que combatían a ditadura totalitaria [...]. Coñecín a Piñeiro naquel Madrid grazas a Joan Bautista Roca i Cavall, un antigo dirixente da Unió Democrática de Catalunya, o partido demócrata-cristián catalán, quen, ao regresar do seu exilio en Francia, se vira obrigado a residir en Madrid, lonxe de Barcelona, onde, como membro da Unió Democrática de Catalunya mantiña excelentes relacións cos nacionalistas vascos e os galeguistas que actuaban na clandestinidade. Outra persoa que tamén me facilitou a relación foi Joan Sansa, que baixo o nome de *Sirvent* representaba en Madrid o Front Universitat de Catalunya, do cal eu era presidente [...].
>
> A presenza de Piñeiro en Madrid, coñecido como *Santiago* na clandestinidade, demostraba que o galeguismo sobrevivira á traxedia da guerra. Ramón Piñeiro era un entusiasta da política de entendemento entre nacionalistas cataláns, vascos e galegos que se configuraba no pacto tripartito Galeuzca, establecido por primeira vez en Barcelona no ano 1922. Ao seu servizo, en agosto de 1945, coa contribución de Castelao empezara a publicarse en Bos Aires a revista mensual *Galeuzca*. É natural, pois, que Piñeiro en Madrid defenderá a coordinación e unidade de acción de cataláns, vascos e galegos diante da Alianza Nacional de Forzas Democráticas (ANFD), en defensa dos dereitos nacionais daqueles tres pobos. Como é tamén que as súas relacións cos vascos e os cataláns fosen moi intensas.
>
> **Texto 10.** Carlos Casares, *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia,* Editorial Galaxia.

En 1946 cruza clandestinamente a fronteira para reunirse en París co Goberno da República no exilio, coa finalidade de coñecer as estratexias para restablecer a República e leva a proposta do Consello de Galiza de propoñer a Castelao como ministro do goberno republicano no exilio. Aínda se especulaba coa esperanza de que a comunidade internacional interviñese para reinstaurar a república e a democracia en España.

> Ao mesmo tempo que o Departamento de Estado puña en marcha os seus plans para substituír a Franco, en Londres o Foreing Office tomaba contacto coa oposición do interior e propiciaba unha restauración da monarquía democrática na persoa de don Juán de Borbón. A diplomacia británica era da opinión de que a inversión da Guerra Civil resultaba imposible sen violencia e que, polo tanto, non parecía prudente converter os vencidos en vencedores e viceversa. Este plan ía dirixido, sobre todo, ás forzas políticas do interior, pois o exilio era maioritariamente republicano e pouco receptivo a unha proposta deste tipo. O interlocutor dos británicos en España foi un enxeñeiro de camiños da CNT, Juan José Luque, que se encargou de transmitir o proxecto ás forzas políticas integradas na Alianza Nacional de Forzas Democráticas.
>
> A opinión de Piñeiro, compartida por vascos e cataláns, era que non se podía entrar en negociación cos británicos de costas á representación política das institucións do exilio, cuxa lexitimidade acataban. Ignoraban, así e todo, cales eran os plans con que contaban estas institucións e de que medios dispuñan para levalos a cabo. Foi así como decidiron ir a Francia, onde residía o goberno de Giral, que acababa de trasladarse de México a París. Ao mesmo tempo, os galeguistas pretendían que no goberno Giral houbese un ministro galego, posto que había un catalán, Nicolau d'Olwer, de Acción Republicana de Cataluña, e outro vasco, Manuel de Irujo, do Partido Nacionalista Vasco. O propósito que os animaba era dobre, por un lado sacar a Castelao do illa-

mento en que se atopaba en Bos Aires e achegalo ao escenario político parisiense, e por outro conseguir a plena igualdade con vascos e cataláns e sentar ese precedente de cara ao futuro.

Antes de acudir a París, os galeguistas reuníronse coas forzas políticas de Galicia, representadas na ANFD, é dicir, socialistas, cenetistas, agrarios e republicanos, pero tamén cos comunistas, que aínda que non formaban parte da Alianza, Piñeiro pensaba que non debían quedar á marxe da negociación. Nas conversas que se levaron a cabo, os galeguistas expuxeron a súa opinión, cuxo argumento máis importante se baseaba no respecto escrupuloso á vontade popular, que se manifestara dunha maneira abafadora aprobando en plebiscito o Estatuto de autonomía no mes de xuño de 1936.

Texto 11. Carlos Casares, *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia,* Editorial Galaxia.

De regreso a Madrid, onde estudaba Filosofía e Letras, é detido pola policía e condenado a 6 anos de prisión.

O comisario da Brigada Social de Barcelona, Pedro Polo, seguindo desde a capital catalá a un dirixente cenetista que se trasladaba a Madrid para asistir a unha reunión plenaria da súa organización, descubrirá aquela "tertulia", que someteu a vixilancia. Aquel día, o primeiro en chegar á tertulia foi o cenetista García Duran, despois outros cenetistas como Juan M. Molla (Juanel), e algún outro que procedía de Barcelona, o catalán Joan Sansa e Ramón Piñeiro, entre outros. Iniciada a conversa, a policía da Brigada Social irrompeu no local e xunto cos axentes que xa se atopaban dentro, intentou a detención de todos os reunidos, producíndose un forte tumulto. Algúns conseguiron fuxir [...]. O meu amigo Sansa conseguiu fuxir pola porta traseira do local, como previra. Pello Mari Irujo chegou precisamente naqueles momentos, pero conseguiu retirarse. Ramón Piñeiro foi un dos detidos.

Texto 12. Carlos Casares, *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia,* Editorial Galaxia.

Ao saír do cárcere de Yeserías regresa a Compostela, onde continúa coa súa actividade política clandestina.

Cuestións:

Nos textos 9, 10 e 11 expóñense os intentos de recuperar a normalidade democrática. Busca información ampliada da importancia do Consello de Galiza, Galeuzca e a Alianza de Fuerzas Democráticas para lograla.

Ramón Piñeiro
Galeguismo despois da Guerra Civil II

Actividade política na clandestinidade. A ruptura co galeguismo no exilio

Textos que ilustran as estratexias e dificultades polas que pasaba o exercicio político despois da Guerra Civil:

> O rompemento de Ramón Piñeiro con Castelao prodúcese no momento en que Piñeiro e os seus entran na Alianza de Fuerzas Democráticas. Con estes galeguistas están os monárquicos (…), os socialistas e o PNV e todos asinan un pacto onde se illan os comunistas, se renuncia á legalidade republicana e se apoia unha restauración monárquica na figura de don Juan de Borbón. Sabedor Castelao, escribe un violentísimo artigo en *A Nosa Terra* en Bos Aires… Outro grupo de galeguistas integrado por Valenzuela, Xosé Velo, Otero e Castelao seguiron a liña da Unión Nacional Española, propiciado polo Partido Comunista de España.
>
> **Texto 13.** Xosé M. Salgado, Xoan-M. Casado, *XL Méndez Ferrín,* Sotelo Blanco, pax. 73.

> … acordou facerlle ver a Castelao que o Irmán Plá, residente en Montauban, Francia, ten toda a confianza do partido, pois está en relacións constantes con este grupo e envíanos asiduamente utilísimos "raports" sobre a política dos exiliados. Estimouse, en consecuencia, que tendo Plá a confianza do partido pola súa ortodoxia nunca desmentida e pola súa capacidade, prestixio e actividades debía Castelao ir a Montauban a ver a Plá para recibir instrucións deste como delegado extraordinario do partido, para o que se lle deben conceder a este facultades extraordinarias.
>
> **Texto 14.** Acta xuntanza do Partido Galeguista no interior (primavera de 1947).

Carta de Castelao ao seu curmán Alfredo Somoza (Bos Aires, 20-09-1948) que testemuña as dificultades de comunicación entre os galeguistas do interior e os do exilio:

> En Francia hai tres deputados galegos e non contamos con ningún deles, nin con Portela. Alí hai un tal Plá, galeguista, que soamente serve para armar leas –ese foi sempre o seu oficio– e estou seguro que llos armaría a César. Temos, de por parte, a Líster e os seus partidarios galegos (…). O ano que pasei en Francia fíxoseme interminable a causa dos maquiavelismos comunistas, que contaba co apoio do pequeno grupo galego que alí existe. O Plá está entregado a Liste e non cesa de escribir ao interior contado mentiras, inxuriando e calumniando a todos cantos non lle fagan caso a el. Foi por isto que eu fun o único ministro que non tiña secretario.
>
> **Texto 15.**

A posición definitiva de Ramón Piñeiro e doutros moitos galeguistas en Galicia foi a de abandonar a acción de partido e intentar crear un medio legal que permitise a transmisión do pensamento galeguista:

> Pero polo 50 xa estaba moi claro, tremendamente claro que ese cambio (a restauración da democracia) non se ía producir. A partir de aí, as posibilidades de actuación clandestina carecían de horizonte real. Facíase preciso actuar doutro xeito. Tiñamos que empezar de novo, crear de novo conciencia galeguista (…) galeguizar os máis novos (…). Para esta batalla cultural (…) necesitabamos un órgano legal. Así naceu Galaxia, que permitiu a organización legal dese esforzo.
>
> **Texto 16.** Carlos Casares, *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia,* Editorial Galaxia.

A idea, como el recoñece, non foi súa:

> A idea da editorial foi de Xaime Isla Couto. Segundo Piñeiro resaltaría sempre, a este antigo compañeiro das Mocidades, que xa no ano 1939 facía plans para reconstruír o galeguismo, se debeu a idea orixinal, a fórmula xurídica e a organización interna da editorial, ademais da súa xenerosa achega material, sobre a cal se sustentou o proxecto durante moitos anos. Este plan de Xaime Isla, que contou coa colaboración de Francisco Fernández del

> Riego e outros amigos galeguistas, parecíalle a Piñeiro moi intelixente e o máis adecuado para a nova etapa que iniciaba o galeguismo, pero nun primeiro momento, cando aínda estaba no cárcere, como ten salientado reiteradas veces o propio Del Riego, mostrouse cauto e reticente cos aspectos materiais do proxecto, sobre a viabilidade do cal era pesimista, en parte polas dificultades administrativas e económicas que prevía.
>
> **Texto 17.** Carlos Casares, *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia,* Editorial Galaxia.

Unha das estratexias máis urxentes era a necesidade de axudar a xermolar a semente plantada pola Xeración Nós, os creadores da prosa de ficción e científica en galego. O compromiso urxente era continuar a darlle prestixio ao idioma galego:

> Por aquí andamos a dar "unha batida" en procura de accionistas para Galaxia [...]. Fíxenlle a Celestino a seguinte proposta, que aceptou gustoso: para botar abaixo a tese insidiosa de que o galego é unha lingua puramente poética, non apta para as funcións nobres da creación cultural extrapoética (ciencia, filosofía etc.), o mellor argumento sería traducir ao galego algún traballo dos de máis resonancia europea que inda non estea traducido ao castelán. A *Teoría da verdade* de M. Heidegger responde moi ben a ese fin... Un destes días escribiremos a Friburgo a un discípulo e amigo de Heidegger para que lle pida permiso para publicar o seu traballo en galego e tan pronto veña a resposta, se é favorable, poñémonos á tarefa.
>
> **Texto 18.** Carlos Casares, *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia,* Editorial Galaxia.

Cuestións:

En que modo e medida cres que a distancia e difícil comunicación entre os galeguistas do exilio e os do interior fixo complicado o mantemento dunha estratexia coordinada e eficaz? Le os textos 13, 14 e 15.

Durante o franquismo os partidos políticos estaban prohibidos. Valora a idea de crear unha editorial para conseguir o exposto no texto 16. Hoxe, moitos grupos e asociacións sérvense das redes sociais de Internet para espallar as súas ideas alternativas. Ves algún paralelismo co exposto nos textos 16 e 17?

*Unha das principais batallas dos galeguistas foi a de darlle prestixio á lingua galega traducindo textos inéditos en castelán (*Ulises *de James Joyce, o Grupo Nós, ou Heidegger, o Grupo Galaxia). Cres que esa "batalla" está gañada? Le o texto 18.*

Ramón Piñeiro
Galeguismo despois da Guerra Civil III

Actividade cultural

Pasan os anos e a ditadura permanece. Destacadas figuras do galeguismo asumen que non haberá democracia durante moito tempo e establecen una dobre estratexia:

a) Mantemento dunha estrutura activa e clandestina coas forzas democráticas españolas.

b) Iniciación dunha actividade legal cuxa función será afirmar a existencia de Galicia; crear unha consciencia galeguista nas novas xeracións, radicalmente desgaleguizadas pola propaganda en que se apoiaba a ditadura para lexitimarse e rescatar para as novas xeracións a memoria e o exemplo do galeguismo antes da Guerra Civil. Para estes propósitos nace a Editorial Galaxia en 1950. Ramón Piñeiro será o seu primeiro director.

Galaxia empezou desde menos cero, e cando visitabamos as librerías unha por unha deixando os libros en depósito indefinido, todas se negaban menos dúas, que os levaron á parte de atrás. Hai que mirar para atrás para ver como se arrincou.

A policía tiña toda un equipo de expertos, por exemplo, cando fundamos Galaxia viñeron dous funcionarios especializados desde Madrid que se instalaron en Correos para controlar todo o referente a Galaxia, cousa que soubemos por un médico amigo que nolo advertiu. Zafámonos cunha estrataxema que foi escribirlle a *Ben-Cho-Shey*, suxeríndolle que enviase unha carta co selo do Consello Superior de Investigacións Científicas, dando a valer a importancia da editorial que se ía fundar. Como leron a carta con ese cuño oficial de garantía decidiron marchar.

Texto 19. Fernández del Riego. Entrevista. En *As horas secuestradas, vida cotiá do franquismo,* Cadernos de A Nosa Terra, páx. 28.

A Editorial Galaxia consegue recuperar os vellos valores silenciados pola Guerra Civil –Cabanillas, Otero, Risco, Castelao, Cuevillas, Maside, Carvalho Calero– e dar a coñecer novos valores a través da Colección Illa Nova. Nunha esfera máis ampla da súa estratexia de galeguizar a sociedade editaron a *Revista de Economía* e a revista *Grial,* para expoñer ante a opinión pública galega a investigación e descubertas en economía e cultura respectivamente.

Efectivamente, desde o ano 1943 ao 1950 o galeguismo actuou intensamente en contacto coa oposición clandestina coa esperanza de que ao remate da II Guerra Mundial se restablecería a democracia en España. Tratábase de procurar que os dereitos democráticos do pobo galego estivesen presentes en chegando ese cambio. Pero polo 1950 xa estaba moi claro, tremendamente claro, que ese cambio non se ía producir. A partir de aí as posibilidades de actuación clandestina carecían de horizonte real (…). As consecuencias da Guerra Civil e da guerra mundial (…) impúñannos unha responsabilidade política fundamental: galeguizar a mocidade para que nun futuro, nun futuro entón imprevisible, Galicia puidese contar coa posibilidade de asumir a súa propia responsabilidade política.

Texto 20. Ramón Piñeiro. Entrevista. [En Víctor Freixanes, *Unha ducia de galegos,* 1976].

Cuestións:

Busca información sobre o número de libros editados en galego ao ano. Comproba o número de edicións dos máis vendidos. Intenta investigar cantos autores galegos son traducidos a outros idiomas. Despois valora o conseguido hoxe comparándoo coa reflexión exposta no texto 19. Cres que o conseguido sería igual sen a presenza da materia de lingua e literatura galegas na educación?

Os galeguistas e demócratas en xeral pensaban que despois da II Guerra Mundial a comunidade internacional condenaría o réxime franquista pola súa simpatía e colaboración con Hitler e Mussolini, pero non foi así. Por que? En que influíu a chamada Guerra Fría?

Ramón Piñeiro
Galeguismo durante o franquismo

A resistencia cultural. As tribulacións da revista *Grial*

O 14 de febreiro de 1952 Ramón Piñeiro anúncialle por carta a Fernández del Riego que a tradución ao galego da conferencia de Martin Heidegger titulada *Von Wessen der Wahrheit* está pronta para ser publicada. A censura franquista prohibiu a súa publicación durante catro anos. Esta é a reconstrución dos feitos.

O 1 de decembro de 1952 a tradución de Ramón Piñeiro é prohibida pola censura. Un ano antes, o 21 de xuño de 1951, Juan Aparicio, director xeral de Prensa e secretario nacional das JONS censurara xa o *Significado metafísco da saudade (notas para unha filosofía galego-portuguesa)* porque "en Galicia algún pedantón traduce la filosofía alemana con ritmo de gaita… faltas de ortografía en su pluma y en su alma" polo que cumpría "someterlo a cura psicoanalítica" ou traslado a Madrid "por las buenas o por las malas".

> En Galicia, algún pedantón traduce la filosofía alemana con ritmo de gaita, como en la Fundación Bernart Metge se vertía a los clásicos grecolatinos a una jerga que era más bien un "patois" gabacho. El teatro popular valenciano es gordo y picante como la cebolla; pero no pidan peras al algarrobo. El escritor que escribe en la Colección Grial de la Editorial Galaxia de Vigo, o redacta versos en antañosa lengua de oc o en más arcaico vascuence, porque el castellano le parece tosco, infiel e inexpresivo, es un escritor

que tiene faltas de ortografía con su pluma y en su alma, avergonzándose de que se le vean tales vergüenzas al desnudo.

Querido y respetado Raimundo, habría que someterles a una cura psicoanalítica o traerles a Madrid por las buenas o por las malas, para que tonifiquen su sistema moral y su sistema nervioso en el competidísimo torneo

Texto 21. Juan Aparicio, "Carta del Director", *Pueblo de Madrid*, 6 de xuño de 1951.

José María Castroviejo publicou en *El Correo Gallego* o 27 de xuño de 1951 unha valente carta onde afirmaba que o publicado por Juan Aparicio era "para nosotros, los gallegos, algo que linda abiertamente con la ofensa".

Ao pouco tempo de ser designado director xeral de Prensa, Juan Aparicio expresoulles de palabra aos directores dos xornais galegos, en setembro de 1951, que estaba totalmente prohibida a publicación de textos en galego que non fosen poesía.

Tras aparecer o número 4 da revista *Grial* en marzo de 1952, a Editorial Galaxia recibe unha carta de Juan Aparicio onde se esixe que non se publiquen máis números sen previa autorización da Dirección Xeral de Prensa.

Parece ser que Juan Aparicio conseguiu vingarse de José María Castroviejo forzando a súa dimisión como director de *El Correo Gallego*.

O 11 de novembro de 1955, *Ben-Cho-Shey* solicitoulle á Dirección Xeral de Propaganda un novo permiso para a súa publicación. O 7 de decembro de 1955 é publicada *Da esencia da verdade*. O propio Martin Heidegger escribiu o prólogo á edición en galego. Un gran honor, xa que o filósofo era pouco amigo das promocións da súa obra.

Non obstante, a pesar de que o propio Aparicio trataría de matizar o ton agresivo do seu escrito nun artigo posterior, a Colección Grial foi suspendida por el mesmo cando pouco despois foi nomeado director xeral de Prensa. Desde aquel cargo, puxo tamén toda clase de dificultades para que non se puidese publicar a tradución galega do pequeno texto de Martin Heidegger que prepararan Celestino F. de la Vega e o propio Piñeiro, e que non puido ver a luz ata algún tempo despois, cando a entrada de España na UNESCO obrigou o Goberno do xeneral Franco a flexibilizar a censura nalgunhas cuestións non directamente políticas. A decisión de Aparicio era a primeira resposta oficial do réxime a un proxecto político que, a pesar da súa aparencia cultural, non deixaba dúbidas respecto do seu significado.

No ano 1963, cando a editorial levaba xa trece anos facendo o seu labor, suavizada en parte a severidade anterior da censura, Galaxia conseguiu que se lle autorizase a publicación dunha revista, para o cal os seus dirixentes retomaron o nome de Grial, fundamentalmente porque o mesmo que sucedera coa editorial, con esa denominación pretendíase reafirmar a apertura cultural a Europa, xa que tanto Galaxia, coa evocación do Camiño Francés, como Grial, que se refería a unha lenda artúrica, eran dous símbolos da tradición cultural europea. Segundo Piñeiro, os catro obxectivos que se propuxo a revista, que en boa parte eran unha síntese da filosofía editorial, foron os seguintes: ser vehículo responsable da actividade cultural galega; ser vehículo da incorporación a Galicia da cultura universal, especialmente a europea; facer presente fóra de Galicia a imaxe da cultura galega; contribuír ao prestixio cultural da lingua galega tanto dentro como fóra de Galicia.

Texto 22. Carlos Casares, *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia,* Editorial Galaxia.

O uso público do galego xa marcaba moito?

Nós reuniámonos nun grupo de café onde falabamos galego, pero todos permaneciamos vixiantes. O idioma era considerado unha arma política. Juan Aparicio tiña a curiosa teoría de que o galeguismo era máis perigoso ca o catalanismo, porque nós tiñamos a proxección de América e debía pensar que iamos mobilizar toda a emigración e facer un desembarco.

Texto 23. Fernández del Riego. Entrevista. En As *horas secuestradas, vida cotiá do franquismo,* Cadernos de A Nosa Terra, páx. 28.

O legado da revista *Grial:*

> No plano concreto das realizacións, estes obxectivos cumpríronse amplamente. Durante vinte e cinco anos en que *Grial* foi dirixida por Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego, nas súas páxinas apareceron ensaios e estudos sobre os máis variados autores universais (Omar Kayyan, Platón, Esopo, Shakespeare, Kafka, Joyce, Saroyan, Heidegger, Italo Calvino, Paul Valéry, Albert Camus, Sartre, Anouilh...); déronse a coñecer traballos sobre etnias e figuras relevantes doutras culturas (Hamlet, Baudeliere, Borges, Thomas Wolfe, Miguel Torga, Freud, Zubiri, Chomsky, Alien Ginsberg...); difundiuse a revista nun número considerable de países estranxeiros, especialmente en universidades norteamericanas. No tocante ao prestixio cultural da lingua, Ramón Piñeiro diría que ese obxectivo "foi o resultado dunha suma de esforzos diversos; pero tamén estamos certos de que *Grial* tivo influencia positiva nese resultado". O éxito de *Grial*, publicada de xeito ininterrompido durante máis de vinte e cinco anos e continuada na actualidade por un equipo de homes novos, resume cumpridamente o éxito do propio proxecto de Galaxia.
>
> **Texto 24.** Carlos Casares, *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia,* Editorial Galaxia.

Cuestións:

Comenta as palabras do texto 23. É bo para un idioma que non poida ser falado en público por medo a que a policía sospeite das nosas inclinacións políticas?

Le o texto 22. Valora os propósitos marcados polos editores de Galaxia e Grial. *Cres que nos convén continuar a telos moi presentes?*

O deporte é un espectáculo de masas. Se hoxe un país gaña un campionato mundial son millóns de persoas as que coñecen ese país. Grial *chega ás mellores universidades do mundo e a través dela Galicia. Que imaxe prefires que se proxecte cara a fóra do teu país: a que fai* Grial *ou, por exemplo, a que fai o campión do mundo de tríatlon Gómez Noia? Le o texto 24*

Ou prefires que de Galicia se coñezan esas dúas imaxes? Que outras características de Galicia cres que poden axudar a que sexamos máis coñecidos?

Ramón Piñeiro
Galeguismo despois do franquismo

Cun Partido Galeguista moi debilitado e desprovisto de base social a causa da súa desintegración durante a ditadura, Ramón Piñeiro propón como estratexia política incorporar o galeguismo en todas as forzas políticas democráticas presentadas ante o electorado galego.

Ramón Piñeiro exerce de orientador e coordinador do galeguismo de posguerra. Pola súa casa pasan moitos persoeiros de influencia da época e, sobre todo, estudantes universitarios simpatizantes co galeguismo. Algúns deles fundarán a comezos dos sesenta o Partido Socialista Galego (PSG) e outros intentarán fundar un partido galeguista cristián conforme ás teses do propio Ramón Piñeiro.

Coa restauración da democracia, o nome de Ramón Piñeiro soa como candidato á Presidencia da Xunta nas enquisas de opinión e nos editoriais dos xornais galegos.

Antonio Rosón Pérez, procurador nas Cortes franquistas, foi o protagonista o 28 de xullo de 1976 dun dos primeiros pronunciamentos a favor da autonomía en Galicia.

Un mes despois da vitoria da UCD nas eleccións de xuño de 1977, constitúese en Compostela a Asemblea de Parlamentarios de Galicia, presidida por Rosón, para elaborar un proxecto de preautonomía.

Tras unha gran manifestación o 4 de decembro de 1977, que xuntou a máis de medio millón de galegos nos principais concellos de Vigo a favor da autonomía, o 16 de marzo de 1978 o Goberno de Madrid aproba a trámite o decreto de autonomía.

A pesar da falta de ambición autonomista dos partidos políticos maioritarios en Galicia, grazas á súa habilidade negociadora e ao seu carácter sereno e consensuador logra que o proceso autonómico sexa un éxito.

En 1980 o desconcerto con que era dirixido desde os partidos estatais o proceso estatutario propiciou a creación dun grupo denominado Realidade Galega, encabezado por Ramón Piñeiro co fin de lle dar lexitimidade ao Estatuto de autonomía. Consegue unha forte repercusión mediática rodeándose de egrexios intelectuais galeguistas como García Sabell e Luís Seoane.

> Desta maneira, no trámite parlamentario de discusión do Estatuto galego nas Cortes, UCD iniciou unha política entorpecedora que mesmo chegou a colocar nunha situación incómoda a algúns dos seus representantes galegos. O escándalo saltou ás páxinas dos periódicos no mes de novembro do ano 1979, cando se soubo que o partido do Goberno pretendía introducir un artigo, o famoso 32, epígrafe 4S, que invalidaba totalmente o nivel competencial do Estatuto de Galicia, ata entón moi similar ao vasco e ao catalán. A protesta polo agravio estendeuse deseguida polo país adiante. O 21 de novembro, Ramón Piñeiro e os galeguistas do grupo ao cal pertencía, co apoio dalgúns intelectuais independentes, decidiron facer un manifesto á opinión pública, que redactou aquel e que dicía así:
>
> Sabedores de que a tramitación constitucional do noso Estatuto tropeza cunha teimosa vontade restritiva, queremos unir a nosa voz á dos que nesta ocasión crítica defenden os dereitos de Galicia na súa plenitude constitucional.
>
> Pretender que os dereitos do noso pobo son inferiores aos que xa se lles recoñeceron ás outras nacionalidades irmás é unha brutal discriminación que agravia a conciencia colectiva de Galicia. Como integrantes da comunidade galega renegamos esa discriminación. Por enriba das diferenzas partidarias, e nos non militamos en ningún, o pobo galego como tal refuga esta e todas as discriminacións que agravian a súa dignidade. Non temos máis representación que a nosa propia nin máis autoridade que a da nosa fidelidade activa a Galicia e á dignidade humana, tanto individual como colectiva, pero sabemos que os sentimentos que hoxe nos moven responden ao sentir da comunidade.
>
> Para enmascarar o carácter discriminatorio da amputación autonómica que se nos quere impoñer, manéxase un sofisma ben pouco sutil: que a diversidade existente entre unhas e outras comunidades leva consigo a correspondente diversidade autonómica. Afirmación que si é certa en tanto fai referencia a que a formulación concreta de cada Estatuto debe recoller as peculiaridades da respectiva realidade, pero que é radicalmente falsa en canto pretende significar

desigualdade de dereitos. Os estatutos cataláns, vasco e galego teñen peculiaridades diferentes, pero os dereitos autonómicos de Cataluña, de Euskadi e de Galicia son idénticos.

Autonomía é, por definición, autogoberno. Un estatuto sen contido autonómico é, en si mesmo, unha farsa, e para nós unha burla. A Constitución recoñece o noso dereito á autonomía. Estrangular ese dereito pola presenza das forzas extragalegas é unha agresión política a Galicia. Unha agresión que, coma nos tempos pasados, segue manipulando o poder político sen ética democrática.

Texto 25. Carlos Casares, *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia,* Editorial Galaxia.

En setembro de 1980 retómanse as negociacións para a redacción do Estatuto de Galicia e o 21 de decembro é aprobado en referendo.

Piñeiro acepta a invitación de integrarse como independente no PSOE no primeiro Parlamento autonómico de Galicia, pero o seu labor é consecuente coa súa estratexia de fortalecer a identidade de Galicia, as súas institucións colectivas e coa súa estratexia de non vincular o galeguismo con ningún partido político en concreto. Defendeu o pluralismo ideolóxico do galeguismo para galeguizar todas as forzas políticas galegas. Proba da súa independencia e coherencias coas súas ideas foi o seu voto a favor do candidato da lista máis votada desobedecendo as instrucións do PSOE para fortalecer a institución parlamentaria recentemente nacida.

Na súa intervención dixo tamén que el, xunto con dous dos seus compañeiros, votarían da mesma maneira, en iguais circunstancias, a calquera outro candidato, fose da dereita ou da esquerda, e que respecto do programa do candidato, aínda que había moitos puntos cos que estaba en desacordo, non era o momento de analízalo, pero que no seu día, unha vez iniciada normalmente a vida parlamentaria, irían tomando posición fronte a el.

Aquela decisión, que facía realidade o pacto de independencia que os galeguistas subscribiran co PSOE, situou a Piñeiro e os seus compañeiros nunha posición que co tempo os convertería en árbitros de moitas situacións parlamentarias conflitivas. No caso concreto da Lei de normalización lingüística, a súa tramitación por comisión conxunta e a ulterior aprobación por unanimidade foi posible grazas a que toda a cámara confiaba na independencia dos galeguistas. O aplauso espontáneo e unánime de todo o Parlamento posto en pé cando un Piñeiro emocionado interveu desde a tribuna para glosar a importancia histórica do paso que se acababa de dar, foi o recoñecemento público á longa traxectoria política dun home empeñado desde rapaz, cando descubriu o galeguismo na súa época de estudante de bacharelato, en dotar a Galicia dos instrumentos xurídicos que asegurasen a defensa dos seus dereitos históricos.

Texto 26. Carlos Casares, *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia,* Editorial Galaxia.

Ademais de ser o responsable de redactar e defender a Lei de normalización lingüística perante a Cámara galega, participou na Lei da galeguidade, onde se honra e recoñece a masiva emigración galega como unha grande obra colectiva e onde se recoñecen os dereitos dos fillos e netos dos emigrados galegos en calquera país do mundo.

En 1983 é nomeado como primeiro presidente do Consello da Cultura Galega até a súa morte, o 27 de agosto de 1990.

Cuestións:

Le os textos precedentes e, intentando poñerte naquel tempo e lugar, cres que a autonomía sería hoxe posible sen a acción de persoas como Ramón Piñeiro? Cres que abondou coa demanda social? Cres que era maioritario o sentimento autonomista entre a cidadanía galega?

Cres que a estratexia da Editorial Galaxia de crear conciencia galeguista puido ser importante na demanda social a favor da autonomía? De non existir a Editorial Galaxia sería a demanda a mesma?

Ramón Piñeiro
Obra ensaio. Teoría da saudade

As obras de Piñeiro son:

Significado metafísico da saudade (1951)
A saudade en Rosalía (1952)
Para unha filosofía da saudade (1953)
A filosofía e o home (1955)
A linguaxe e as linguas (1967), o seu discurso de entrada na Real Academia Galega
Olladas no futuro (1974), libro onde se recollen algúns dos seus principais textos e artigos.

Ramón Piñeiro reflexionou na súa obra ensaística sobre os tres factores esenciais na cultura galega: o lirismo, o humorismo e o sentimento da paisaxe. Foi ao lirismo ao que lle dedicou máis tempo de estudo porque ningunha outra característica da cultura galega ten unha relación tan directa coa saudade, obxecto de estudo da maioría das súas publicacións.

Cre que o lirismo é a expresión da singularidade de cada ser humano cando se escoita a si mesmo en soidade. Se o lirismo é expresión da nosa intimidade, da nosa singularidade, da que somos conscientes, en boa medida, grazas á soidade; e se a saudade é a vivencia sentimental desa soidade, pode daquela deducirse, en opinión de Ramón Piñeiro, que hai unha estreita relación entre lirismo e saudade.

Para Ramón Piñeiro o amor e a ausencia son os pais da saudade. Sentimos pena polas cousas que nos faltan ou desaparecen porque as amamos profundamente. A saudade é forte cando hai moito amor e unha longa ausencia. É a través da poesía como mellor podemos exteriorizar a saudade nunha conversa íntima, falando cun mesmo como fai o lirismo.

ETIMOLOXÍA. O camiño á raíz das cousas

O padre Martín Sarmiento é quen primeiro testemuña a existencia oral da palabra en Galicia. Os poetas do século XIX, como Xoán Manuel Pintos e Rosalía de Castro, utilízana con naturalidade e máis frecuentemente na súa forma en plural: saudades. A propia Rosalía utiliza saudoso para referirse a algo saudable, o que apoia a complexa tese sobre a orixe desta misteriosa palabra. Carolina Michaëlis suxire que saudade é resultado do cruzamento entre a soidade (de *solitates*), saúde e *saludade* (de *salutate*, 'salvación').

Ramón Piñeiro pescuda noutras linguas posibles semellanzas e diferenzas de matiz:

DOR na cultura romanesa

SEHNSUCHT, HEINWEH na xermánica

LÄNGTAN na sueca

SAVDAH na servocroata, que procede do árabe e que ten connotacións de melancolía, arela, devezo ou nostalxia.

Piñeiro distingue entre a saudade pura –morriña de algo perdido– ou nostalxia da terra afastada (saudade non pura).

Marca tamén as diferenzas coa:

arela de algo ideal ou ilimitado e a morriña: un sentimento psicolóxico de tristura sen un motivo externo (ontolóxico) que identifica coa melancolía.

Sehnsucht: aspiración a algo descoñecido relacionado coa vontade.

Anguria existencial heideggeriana: sentimento existencial da temporalidade, mais non da individualidade, da singularidade do propio ser humano.

Ramón Piñeiro
A saudade e a lírica en Galicia

Debido á desaparición do galego como idioma escrito, a palabra **saudade** chegou a ser considerada como só portuguesa, aínda que na memoria oral perduraron as palabras soedades e suidade e o padre Martín Sarmiento deu testemuña escrita da súa existencia no vocabulario galego no século XVIII. No século XIX, poetas como Rosalía e Pintos utilizárona con normalidade coas variantes:

SOEDADES, SOIDADE, SUIDADE, SAUDADE, SAUDADES, SEÑARDADE e *MORRIÑA*

A saudade é un sentimento recoñecido como un trazo peculiar das culturas galega e portuguesa.

Na opinión de Ramón Piñeiro, a saudade e o lirismo teñen unha raíz común porque a lírica é a poesía coa que mellor expresamos os sentimentos no noso ser máis íntimo que descubrimos cando nos atopamos sós. É na soidade cando se nos revela a nosa individualidade, a nosa singularidade que expresamos a través da poesía lírica.

Ramón Piñeiro cre que os galegos temos unha propensión á soidade e, polo tanto, seguindo o razoamento anterior, unha inclinación ao lirismo polas seguintes causas:

Porque o pobo galego vive nunha intensa dispersión poboacional, o home galego vive individualmente inmerso na natureza. En consecuencia:

a) O sentimento de soidade é máis inmediato e intenso fronte á natureza ca nos demais seres humanos.

b) A comunicación coa natureza é unha forma de proxectar fóra a nosa intimidade (Adiós ríos, adiós fontes…).

As dimensións espirituais do ser humano son, na opinión de Ramón Piñeiro, tres: cognitiva, volitiva e sentimental. En cada pobo unha das dimensións predomina sobre as demais:

Grecia clásica: o coñecemento

Alemaña: a vontade

Galicia e Portugal: o sentimento.

O lirismo é, sen dúbida, un dos trazos máis distintivos da cultura galega, xunto coa saudade, o humor, o poder imaxinativo e o sentido crítico (sentidiño). Entre todos estes é a lírica característica cultural que acadou expresión de categoría universal grazas, en parte, á expresión nas cantigas de amigo e de amor da coita, da ausencia do amante ou o amor non correspondido, sentimentos emparentados coa saudade que máis tarde Rosalía de Castro faría universal. A lírica non é só a creación máis alta do espírito galego senón a que mellor nos define culturalmente.

Ramón Piñeiro
A saudade na poesía galega

A lingua galega presenta unha especial adaptabilidade á lírica polas súas aptitudes para a expresión dos matices da intimidade grazas á riqueza do léxico afectivo, aos recursos para a expresión subxectiva, á súa extraordinaria musicalidade pola abundancia de vogais e ditongos.

Na dimensión oral, a creación cultural é colectiva (cancioneiros populares). Na escrita, é individual e máis complexa e innovadora. Unha cultura, para chegar ao seu máximo logro, debe ascender do colectivo ao individual. Para Ramón Piñeiro, unha figura encarna, na historia de Galicia, esa conquista: Rosalía de Castro.

Algúns din: miña terra!
Din outros: meu cariño!
I este: miñas lembranzas!
I aquel: os meus amigos!
Todos sospiran, todos,
por algún ben perdido.
Eu só non digo nada;
eu só nunca sospiro,
que o meu corpo de terra
e o meu cansado esprito,
a dondequer que eu vaia
Van comigo

Texto 27

A saudade é un atributo da existencia humana. Séntea como unha anguria necesaria. Ser home é sufrir e non podemos querer non ser homes. Necesitamos, pois, do sufrimento e levar un cravo cravado no corazón… xa que unha vez arrincado: "seica, seica tiven soidades daquela pena". A pena é esencial á vida. Sen ela non seriamos conscientes de cando non a sentimos e, polo tanto, somos felices.

No estilo, Ramón Piñeiro prefire a sinxeleza para que prevaleza a pura emoción; por iso un dos seus poetas máis lidos é Luís Pimentel, quen para el é o paradigma do seu modelo de poesía: nel non hai máis adorno que o xusto e indispensable, o resto é todo emoción.

Punteiros de gaita
Acompañábano.
O pai, de negro;
no mar, unha vela
branca.

Os amiguiños levábano.
Non pesaba nada

Abaixo, o mar;
o camiño do aire
da mañá.
El ía de camisa
limpa
e zoquiñas brancas.

Os amiguiños levábano.
Non pesaba nada.

Texto 28

De Xosé Luís Franco Grande salientaba a súa capacidade de expresar a soidade máis radical que, como xa vimos, é un requisito indispensable para sentir saudade.

As veces entro en min
por ver se atopo aquilo meu que eu son
e sempre vexo que non dou comigo e
que son eu quen se me vai das mans.
E sempre volvo a procurarme a min
e nunca vou parar alí onde eu son
aquilo que é máis meu
que debo ser eu...
Ás veces penso que xa estou comigo,
case que no meu eido,
e despois vexo que aínda falta máis,
máis ala, un pouco máis...
Eu vou metido en min
coma quen garda o único que ten
e esguizo os velos que non deixan ver
o eido onde eu atobo e onde eu son.
Quén dera estar tan só
que un xa non fora máis que aquilo que é;
quén dera estar así
e ser aquilo que non son aínda...!
A min deixádeme así: perdido en min,
esquecido,
sen eido,
sen ninguén!
Xosé Luis Franco Grande, de *Entre o si e o non,* 1967.

Texto 29

Cuestións:

Le os textos 27, 28 e 29 e comenta en que xeito axudan a ilustrar a idea de saudade exposta por Ramón Piñeiro.

Ramón Piñeiro
A saudade en Portugal

Da saudade, desde un principio nas manifestacións trobadorescas, fálase como unha mágoa da separación. Unha doncela solitaria pregúntase magoada sobre a ausencia do seu amado:

> -Ai, flores do verde pino,
> se sabedes novas do meu amigo!
> Ai, Deus, e u é?

Teixeira de Pascoaes, escritor inserido no movemento cultural que data de 1910, tiña como obxectivo a recuperación dos valores orixinais e o renacemento cultural.

Luis de Camões fala da saudade no seu poema "Alma minha gentil que te partiste", en que o poeta, ao non soportar a dor da separación, quere morrer coma a súa amada para con ela vivir eternamente.

Na fala popular é fórmula de cortesía e cumprimento. Emprégase **dá saudades** destinado a unha persoa que non se encontra presente e pola que o falante ten un especial cariño. **Morrer de saudades** expresa a dor sentida pola ausencia ou morte de alguén. Portugal tamén foi un país de emigrantes, propenso daquela ao sentimento da nostalxia, da saudade pola separación entre os que marchan e os que fican á súa espera.

Etimoloxía

Saudade (alteración de soidade) do latín *solitate*. A alteración do ditongo –oi– a –au– hai quen a explica acudindo a un cruzamento a unha asociación de ideas coas palabras o os conceptos por elas expresados de **saúde** e **saudar**, por entender unha posible vinculación lóxica entre o sentimento de mágoa por sentirse só ante a ausencia de algo ou alguén e a negativa influencia deste sentimento na saúde.

Antonio Borges de Castro defende a procedencia árabe desde *saudá* ou *suaidá*. En servocroata existe hoxe, procedente do árabe, a palabra *savda* con semellante significado.

A primeira fonte documental do seu uso é en 1335, nunha troba atribuída ao rei Don Dinís inspirada no tráxico episodio da galega dona Inés de Castro.

Nun principio significaba 'morrer de amor'; hoxe o dicionario di que saudade significa 'o sentimento gosto-amargo, as carinhosas sensações que desperta o bem ausente, como 'un sentimento, perda ou distanciamento do objecto, pessoa, lugar, situação, etc. que à nossa consciência se apresenta como um bem'.

Texto onde se recolle o publicado sobre o saudosismo en Portugal. No texto dedúcese a súa influencia non só na literatura senón tamén na política e a idea que de si mesmos teñen os portugueses.

> Movimento literário, essencialmente poético, que se insere na actividade da sociedade portuense «Renascença Portuguesa», fundada por Jaime Cortesão, Álvaro Pinto, Teixeira de Pascoaes e Leonardo Coimbra, e cujo órgão foi a revista *A Águia* (1910-1932). O Saudosismo, no sentido estrito, é uma atitude perante a vida que, segundo Pascoaes e muitos outros, constitui feição típica da literatura portuguesa, tanto culta como popular, logo traço definidor da «alma nacional». Essa atitude interpretou-a o autor de *Marânus* atribuindo à saudade amplas dimensões e profundo significado, arvorando-a mesmo em princípio enformador dum ressurgimento pátrio.
>
> A maioria dos colaboradores d' *A Águia* aceitou Pascoaes como seu mentor, quer dizer, aderiu ao Saudosismo, perfilhou a doutrina formulada por Pascoaes no limiar do 1.º volume da 2.ª série. A Pátria - diz ele - anda tacteando no caos. «É preciso, portanto, chamar a nossa Raça desperta à sua própria realidade essencial, ao sentido da sua própria vida, para que ela saiba quem é e o que deseja. E então poderá realizar a sua obra de perfeição social, de amor e de justiça, e poderá gritar entre os Povos: *Renasci!*» Ora aquela «realidade essencial» consiste na

Saudade maiusculada: «A Saudade é o próprio sangue espiritual da Raça; o seu estigma divino, o seu perfil eterno. Claro que é a saudade no seu sentido profundo, verdadeiro, essencial, isto é, o *sentimento-ideia*, a *emoção reflectida* onde tudo o que existe, corpo e alma, dor e alegria, amor e desejo, terra e céu, atinge a sua unidade divina». Está assim determinado o rumo da «Renascença Portuguesa»: «continuarei sempre a afirmar que o movimento da Renascença Portuguesa se faz e fará dentro da Saudade revelada, a qual se ergue à altura duma Religião, duma Filosofia e duma Política, portanto. Dentro dela, Portugal, sem deixar de ser Portugal, poderá realizar os maiores progressos de qualquer natureza». Sem claramente nos dizer como tais ideias se vinculam à Saudade, Pascoaes preconiza um Portugal agrário, uma organização municipalista e uma Igreja independente.

(...)

Em breve António Sérgio e Raul Proença, sócios da «Renascença Portuguesa», manifestaram o seu desacordo, travando o primeiro correspondência polémica com Pascoaes nas colunas d' *A Águia*. Temperamentos inconciliáveis, falavam linguagens diversas. Sérgio acusou Pascoaes dum pensamento demasiado utópico e passadista, fechado num lusitanismo xenófobo, provinciano, incompatível com o moderno espírito europeu. O idealismo do poeta d' *As Sombras* desprezava o progresso técnico, substimava as realidades económicas, atribuía imaginosamente a um estado de alma deprimente, passivo, virtualidades construtivas. O que era preciso era cortar com a tradição nacional de isolamento sonhador, paralisante. A tese de Sérgio «é que o progresso moral dum povo está dependente do seu progresso económico». Em resumo, no seu entender, o Saudosismo não passava de nova manifestação do « temperamento fantasista, impulsivo, inconsistente, - por uns classificado de idealista e por outros de retórico -, que nos formou a velha sina de conquistadores e aventureiros, retardatários da Cavalaria». Esta primeira dissidência havia de conduzir ao aparecimento da *Seara Nova*.

[...]

Como tentativa de interpretação da chamada «psique nacional», o Saudosismo deu relevo, com mais penetração e insistência do que nunca, ao complexo de valores espirituais de que a saudade é portadora e à sua importância como traço definidor. Na definição de Pascoaes, o carácter saudoso portruguês realiza a harmonia mais perfeita entre o paganismo e o cristianismo, a Presença e a Ausência, a Alegria e a Tristeza - mas harmonia instável, dinâmica, sempre a fazer-se, princípio de permanente renovação. A Saudade é, pois, segundo o poeta, muito mais que o estado sentimental a que se refere o conceito corrente; pela vivência desse estado e pela reflexão exercida sobre ele, Pascoaes elevou-se a uma concepção geral do Homem e do mundo, concepção de raiz portuguesa mas de alcance universal - a *mensagem* lusíada. Pela saudade, o Homem reage, responde à sua situação concreta no mundo. Sofre a dor de ser imperfeito, a nostalgia da pura vida anímica, a «divina saudade» ou saudade de Deus que Pascoaes assinala já em Fr. Agostinho da Cruz. Realiza o ausente por obra e graça da imaginação; *inventa* Deus. «O homem, em virtude do seu poder saudosista, de lembrança e esperança, eleva-se da própria miséria e contingência à contemplação do reino espiritual, onde as coisas e os seres divagam em perfeita imagem divina» (*Arte de Ser Português*, p. 155). Naturalmente, aqueles que, nos últimos anos, dando primazia ao pensamento intuitivo criador de mitos («quanto mais poeta mais filósofo»), procuram fundamentar uma filosofia genuinamente portuguesa, ou galaico-portuguesa, destinada a projectar no mundo os dois povos irmãos, encontram no Saudosismo grande riqueza de sugestões e uma preciosa linha de rumo.

Texto 30. Coelho, Jacinto do Prado, *Dicionário de literatura,* 3.ª edição, 4.º volume, Porto, Figueirinhas, 1979.

Cuestións:

Busca información sobre o namoramento e tráxica morte de dona Inés de Castro.

Ramón Piñeiro
Un éxito internacional: a denuncia ante a unesco en 1954

O galeguismo teceu unha estratexia ante a celebración en Uruguai, onde había moita actividade galeguista organizada no exilio, da VIII Asemblea Xeral da Unesco en 1954, que acababa de admitir no seu seo unha España franquista ansiosa de recoñecemento internacional. Ante as delegacións de tantos países alí reunidos, a estratexia consistía en denunciar a represión sobre o galego. A fazaña provocou grande alarma entre a delegación española da que era secretario Manuel Fraga Iribarne.

Non moito máis tarde, organizouse en Bos Aires un gran Congreso da Emigración Galega (1956) no que Ramón Piñeiro presentou a proposta de creación dun Padroado da Lingua Galega para recadar apoios para a difusión da lingua galega. A idea non callou pero Galaxia conseguiu o financiamento dun grupo de emigrantes en Venezuela para imprimir o *Diccionario Enciclópedico Gallego-Castellano* de Eladio Rodríguez 1958-1961.

Artigo publicado polo profesor Henrique Monteagudo no xornal *El País* o 7 de decembro de 2007 en que relata a denuncia ante a Unesco:

Olladas no futuro: Piñeiro e o galego

HENRIQUE MONTEAGUDO 07/12/2007

Hai xustamente 40 anos, o 25 de novembro de 1967, Ramón Piñeiro lía o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega. Culminaba así o proceso de integración nesta institución das figuras máis representativas da denominada Xeración Galaxia, o cal ao mesmo tempo significaba a apertura dunha caducante Academia ao sector culturalmente máis activo do galeguismo de posguerra. Antes de Piñeiro ingresaran, entre outros, Carballo Calero, Fernández del Riego, Fole, Cunqueiro e Xosé María Álvarez Blázquez (a quen precisamente se vai dedicar o Día das Letras Galegas de 2008). O discurso de ingreso do novo académico, titulado *A linguaxe e as linguas,* constitúe un dos ensaios máis significativos do autor e unha das súas achegas máis relevantes ao espertar da consciencia idiomática na Galicia asoballada pola ditadura franquista, pois nel realízase por primeira vez unha análise sistemática dos prexuízos lingüísticos que aferrollaban o idioma do país. Nunha exposición maxistral, Piñeiro realiza unha enérxica apoloxía do idioma galego e unha valente aposta polo seu futuro, o cal o sitúa nas antípodas do clima de resignación e pesimismo a que apuxaba a política represiva contra o galego do franquismo. En definitiva, este texto representa un auténtico fito na historia lingüística e cultural da Galicia contemporánea.

Memoria democrática e galeguista

O acceso á Academia de Piñeiro supuña o recoñecemento a un labor de defensa e promoción do idioma e a cultura galegos especialmente heroico nun dos períodos máis escuros da nosa historia recente. Ao lembrarmos a figura de Piñeiro, en primeiro lugar, aspiramos a pór o noso gran de area no combate contra o revisionismo histórico dos que escusan ou prefiren esquecer o carácter opresivo da ditadura franquista, e moi en particular á represión contra o galego. Pero ao mesmo tempo, constatando a fraxilidade da memoria histórica e o espreitar de relecturas do noso pasado desde actitudes tendenciosas cando non sectarias, pretendemos refrescar a lembranza dunha das figuras máis dignas, intelectual e moralmente, da Galicia contemporánea, recontando os seus servizos durante a longa noite de pedra.

O seu protagonismo, canda un grupiño de temerarios militantes, na loita política clandestina xa nos primeiros anos 40, custoulle a detención e dous anos longos de cadea en Alcalá de Henares (1946-1948). Pouco despois, Piñeiro involúcrase na fundación da Editorial Galaxia (1950) e na colección Grial. Entre tanto, traduce do alemán (en colaboración con Celestino Fernández de la Vega, tío da actual vicepresidenta do Goberno) unha conferencia do filósofo Martin Heidegger, *Da esencia da verdade*, que bate co veto dos censores para a súa publicación. É daquela cando se produce o episodio tristemente célebre en que o energúmeno Juan Aparicio xoga o papel de antagonista, cando denuncia nun xornal capitalino: "En Galicia, algún pedantón traduce la filosofía alemana con ritmo de gaita (...) El escritor que escribe en la colección *Grial* de la Editorial

Galaxia de Vigo es un escritor que tiene faltas de ortografía en su pluma y en su alma, avergonzándose de que se le vean tales vergüenzas al desnudo. Habría que someterles a una cura psicoanalista o traerles a Madrid por las buenas o por las malas, para que tonifiquen su sistema moral y su sistema nervioso(...)". Como premio a este chivatazo (que debera figurar con letras de molde no museo dos horrores do franquismo), o tal *paxariño* é nomeado director xeral de Prensa, e inmediatamente suspende a publicación de *Grial*. Arrepía pensar que na España de hoxe non faltan os aspirantes a émulos de Aparicio, na radio dos bispos e noutros medios de comunicación da mesmísima Vila e Corte.

Activismo en defensa do idioma

O grupo Galaxia acusou o golpe, pero o David galeguista teceu unha estratexia de resposta que tamén lle había de custar cara ao Goliath totalitario. A ocasión presentouse cando a celebración en Montevideo da VIII Asemblea Xeral da Unesco (1954), que acababa de admitir no seu seo unha España franquista ansiosa de recoñecemento internacional. As Galicias resistentes do interior e do exilio (ás veces torpemente enfrontadas en lideiras absurdas que seica hai quen ten ganas de perpetuar aínda hoxe) puxéronse de acordo para elaborar unha denuncia da represión sobre o galego e espallala entre os delegados de medio mundo asistentes ao evento. A fazaña provocou grande alarma na delegación oficial española, especialmente no seu secretario, un mozo nos comezos dunha carreira política que xa se adiviñaba moi longa, e que respondía polo nome de Manuel Fraga Iribarne.

Non moito máis tarde, organizouse en Bos Aires un gran Congreso da Emigración Galega (1956), para o cal Piñeiro elaborou un relatorio en que propón a creación dun Patronato da Lingua Galega que xuntase representantes da Galicia metropolitana e da Galicia emigrada por mor de recadar apoios para o estudo e difusión do idioma. A idea non callou, pero Galaxia conseguiu o financiamento dun grupo de emigrantes en Venezuela (a Casa de Galicia de Caracas) para dar ao prelo o máis importante contributo individual á lexicografía galega contemporánea, o xurdio *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de Eladio Rodríguez (1958-61). Piñeiro encabezou o esforzado grupo de entusiastas que arranxaron editorialmente aquel tesouro, un auténtico monumento da nosa lingua, que veu a lume, unha vez máis, grazas á suor dos nosos emigrantes.

Por fin, a comezos da década dos 60, ábrese unha fenda no furancho ditatorial que permite a saída da revista *Grial* (1963), codirixida por Piñeiro e Fernández del Riego, aínda que as autoridades impiden que a publicación se faga integramente en galego (a metade polo menos tiña que ir en castelán). Durante o que restou da década, a editorial Galaxia e a revista *Grial* ofreceron unha canle para a incorporación ás letras galegas das novas xeracións universitarias, que comezaban a erguer activamente a súa insubmisión contra o réxime.

Alento para o futuro

Cando en 1974 Piñeiro xuntou un feixe de artigos e ensaios que publicara ao longo das dúas últimas décadas, e nos que o idioma galego ocupa un lugar fulcral, escolleu un título moi significativo: *Olladas no futuro*. Na cuberta desa obra reprodúcese un compoñente dunha daquelas xigantescas computadoras que comezaban a abraiar as xentes e facer voar a súa imaxinación. En efecto, Piñeiro sempre falou da cultura e do idioma galegos en termos de modernidade, con perspectiva de futuro. A súa obra supón un esforzo constante por tornar racional o insondable optimismo da súa vontade, en lanzar unha mensaxe de esperanza no medio do auténtico escoural do franquismo. Sen dúbida, ese esforzo, xunta o doutros compañeiros de xeración, resultou indispensable para evitar o definitivo abafamento do galego baixo a presión da ditadura. No fondo, o que Piñeiro dicía, e aínda está a dicir é: galegos, o futuro non ten por que ser coma ata agora, algo que vos acontece; o porvir pode ser, se vós queredes, un proxecto que vós mesmos iredes construíndo.

Texto 31

Texto orixinal en que se reflexionaba sobre a actitude e estratexia para ter éxito ante a Unesco:

O presente informe está determinado por unha fe e tamén por un desexo: a fe en que a UNESCO é o único órgano sensible aos problemas vivos da cultura universal; co desexo de que os compoñentes da UNESCO teñan coñecemento dun agudo problema cultural que afecta a máis de catro millóns de galegos.

Esa fe e ese desexo moven, aos centos de milleiros de galegos que vivimos como emigrados no Continente Americano, a dirixirse aos membros persoais da UNESCO para denunciar, perante a súa conciencia e perante a súa sensibilidade de homes representativos dos puros valores da cultura, un feito repudiable que, desde hai 18 anos e en pleno occidente de Europa, fire cruelmente os nosos sentimentos entrañables de pobo.

O Estado español vén exercendo desde 1936 unha teimosa acción prohibitiva sobre o cultivo das linguas rexionais fornecidas de tradición cultural enxebre. A lingua galega e o mesmo a catalán, donas unha e mais a outra de abondosa e nobilísima tradición literaria, cuxas orixes se

remontan aos tempos mesmos da formación das nosas culturas romances, son obxecto de asañadas prohibicións por parte dos organismos estatais que reitoran a vida cultural do país.

Para clarexar e fixar o verdadeiro acadamento desta actividade prohibitiva, deste procedemento anticultural do Estado español, queremos documéntala con algúns feitos indestrutibles escollidos ao chou. Non obstante, sinalaremos como argumentación limiar, tres características de tipo xeral con respecto ao funcionamento desta acción negativa e que podemos concretar así:

a) En primeiro lugar, o carácter absoluto do control que o Estado exerce sobre a vida cultural. Non pode publicarse ren, absolutamente ren, que non sexa previamente examinado e autorizado pola censura estatal. Nin un libro de versos, nin de arte, nin de filosofía, nin de economía, nin unha novela, ni un libro de contos –aínda que se trate de libros infantís–, pode publicarse sen ser enviado previamente o orixinal a censura (por duplicado), para que esta autorice ou denegue a súa publicación.

b) En segundo lugar, o carácter totalitario da censura. Nin o autor dun libro nin as imprentas teñen regras obxectivas a que aterse. A decisión do censor réxese exclusivamente pola súa avaliación persoal ou por cousiñas internas da censura, as cales o autor e mais as imprentas son alleos.

c) En terceiro lugar, o carácter gobernativo e non legal das prohibicións. Moitas das prohibicións non constan en ningunha lei escrita e promulgada. Son simples ordes da autoridade gobernativa. Mais, dado o carácter ditatorial do actual Estado español, as ordes gobernativas teñen naquel país toda a forza executiva e coercitiva dunha lei, coa desvantaxe para o cidadán de que son para el inapela-bles. A lei escrita establece obrigas, mais a vez garante dereitos. A "orde gobernativa" establece soamente obrigas sen dereito nin garantías. Isto quere dicir que arestora en España os problemas da vida cultural se rexen co mesmo senso "gobernativo", é dicir, puramente autoritario, co que se rexen os problemas da orde pública.

Estas tres características xerais do funcionamento da censura do Estado, exércense con todo o seu poder negativo sobre o desenvolvemento cultural das linguas rexionais. Uns cantos datos concretos abondarán para facelo evidente.

I) A prohibición de publicarse revistas ou xornais culturais ou informativos nas linguas catala, galega e vasca. Non hai ningunha lei que o prohiba por escrito, mais o organismo estatal correspondente, neste intre a Dirección Xeral da Prensa, *non os autoriza*, a súa denegación é inapelable.

En data recente, o poeta catalán Carlos Riba xestionou do Ministerio de Información e Turismo, señor Arias Salgado, autorización para publicar unha revista cultural en catalán. Apoiaba o pedido unha xerarquía do Estado, o director xeral de Ensinanza Universitaria, señor Pérez Villanueva. O ministro declarou que el non tiña "facultades" para autorizar a publicación dunha revista cultural escrita en catalán e que "tan só podía prometer que trasladaría o prego ao Consello de Ministros", sen que ata a data de hoxe obtivese resultado ningún na dita xestión.

II) Á prohibición de publicar revistas ou xornais en lingua galega ou cátala, engadiuse a de publicar artigos ou noticias nas linguas ditas. Os xornais de Galicia, aínda que escritos en castelán, publicaban ás veces colaboracións en galego. O actual director xeral da Prensa de Galicia enviou unha circular a tódolos directores dos xornais de Galicia, prohibíndolles terminantemente o uso da lingua galega. O mesmo fixo, naturalmente, cos xornais cataláns. Esta cega rigorosidade restritiva dá lugar a avinzas tan arduas coma a seguinte: o día 25 de xullo, festa do Apóstolo Santiago, é o día no que todos os galegos do mundo conmemoran como o grande "Día de Galicia". Neste mesmo ano 54, mentres os tres millóns de galegos que viven na propia Galicia non puideron ler nin unha soa liña escrita no seu idioma galego nos xornais do país, nós, os que vivimos na Arxentina, no Uruguai, en México, en Venezuela, no Brasil, nos EE. UU. etc., é dicir, os que vivimos en países alleos, tivemos o sabor e o contentamento de ler xornais, revistas, escoitar conferencias e emisións radiais na nosa enxebrísima e gloriosa fala. E non só en publicacións ou actos organizados polas colectividades galegas, senón que en xornais arxentinos puidemos ler artigos escritos en galego e dedicados á celebración da meirande festa dos galegos. O dereito a usar a nosa lingua, que en Galicia nos nega o Estado español, recoñécesenos espontaneamente no estranxeiro.

III) A prohibición de empregar a lingua galega nas conferencias ou actos culturais. En Galicia, existe desde 1905 a Real Academia Galega, cuxa misión oficial é, mesmamente, vixiar pola enxebreza idiomática da nosa lingua. O día 30 de decembro de 1951 celebrouse na cidade de Vigo a recepción do académico señor Gómez Román. De acordo co Regulamento, o discurso de ingreso e a resposta que a Academia lle encomendara ao señor Otero Pedrayo, debían ser lidos no acto da recepción. Agora ben, como os ditos discursos foran escritos na lingua galega, e o gobernador civil de Pontevedra prohibiu terminantemente o uso da dita lingua, víronse obrigados ambos os académicos a evitar o Regulamento e pronunciar os seus discursos improvisados en castelán. Un gobernador civil prohíbelle á Real Academia Galega que utilice unha lingua para cuxo cultivo e estudo foi fundada hai xa 50 anos.

IV) A prohibición de publicar traducións de linguas modernas ao catalán, galego ou vasco. As obras de Dickens. de Balzac, de Tolstoy, de Faulkner, de Mauriac ou de calquera outro novelista universal non poden ser publicadas na lingua galega; o mesmo ocorre cos versos de Shelley, de Verlaine, de Rilke, ou coas obras filosóficas de Bergson, de Husserl, de Heidegger, de Bertrand Russell e de todos os demais filósofos modernos ou contemporáneos.

Nisto a prohibición da censura opera dun xeito automático. A unha lingua coma a galega, que en plena Idade Media recadou para a cultura europea unha das meirandes creacións líricas da

cultura occidental, négaselle o dereito a entrar en contacto coas creacións modernas da mesma cultura.

Un mozo impresor de Pontevedra, Sabino Torres, crendo que a súa condición de falanxista e as súas excelentes relacións persoais con diversas xerarquías do Estado lle permitían a publicación dunha curta antoloxía da poesía alemá traducida ao galego (con algúns versos de Holderlin, Heine, Dehmel, Rilke, Miegel e Welfeld) dispúxose a imprimila en 1951. De súpeto a censura ordenou que fose intervida a edición no mesmo prelo e comezou un expediente de responsabilidades contra o impresor.

V) A prohibición tallante aos escolantes para utilizar a lingua galega. Decataranse todos da monstruosidade pedagóxica dista prohibición con só ter en conta que o 70% da poboación escolar galega é absolutamente rural, é dicir, está formada por nenos que acoden á escola sen falar nin coñecer outra lingua que a galega.

VI) Idéntica prohibición que a devandita, couta os cregos de utilizar a lingua galega nos sermóns, a pesar da obriga canónica de predicar o evanxeo na lingua dos fieis. Mentres estudan a carreira e permanecen internos no seminario prohíbeselles incluso que o falen entre si nas conversas privadas.

VII) A todas estas prohibicións hai que engadir o feito de que en ningún dos centros de ensino de Galicia, incluída a Universidade de Santiago de Compostela, se ensine a lingua e a literatura galega.

Tamén é necesario facer sobresaír que o Seminario de Estudos Galegos, entidade cultural que se fundou en 1923. e que veu desenvolvendo un esgrevio labor, investigador e divulgador dos problemas fundamentais da vida e da historia de Galicia, coa que deu gran pulo é baril sona a lingua galega, foi clausurado autoritariamente en 1936. Cando anos máis tarde algúns profesores estranxeiros, como o antropólogo portugués Santos Junior, lle preguntaron ao ministro señor Ibáñez Martín polo Seminario de Estudos Galegos, loando á vez og ran labor que desenvolvía, o ministro decidiu crear un organismo substitutivo do antigo seminario. Para isto acadou o asesoramento do señor Sánchez Cantón. Entre os dous decidiron crear un Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos, que funciona desde 1944. A xefatura deste instituto foille encomendada ao señor Sánchez Cantón, galego de nacemento, cuxa servidume moral o levou a aceptar o aldraxante coutamento de utilizar a lingua galega nas publicacións do Instituto de Estudios Gallegos, como pode comprobarse consultando a colección completa dos *Cuadernos de Estudios Gallegos* publicados pola dita institución.

Estes son os feitos que promoven a nosa denuncia. No nome duns dereitos humanos aos que ningún membro da UNESCO pode permanecer insensible, acudimos ao sentimento de responsabilidade cultural que o seu alto papel representativo lles impón, non para pregarlles acordos

condenatorios tomados oficialmente pola UNESCO, pois sabemos que a dificultade de tales acordos é superior á vontade individual das persoas que a compoñen, mais si pra pedirlle a cada unha destas persoas que faga patente a súa individual repulsa moral fronte aos métodos abourantes que o Estado español vén aplicando ás linguas galega, cátala e vasca. Aos persoeiros do Estado español na UNESCO debe informárselles con toda claridade que o respecto e o amor ao patrimonio cultural da humanidade é a lei ámaga da UNESCO e de que esta lei é incompatible con toda actividade anticultural.

Todo pobo ten o indeclinable dereito colectivo a usar seu propio idioma como ferramenta de cultura. Fronte a isto, nós denunciamos con feitos concretos e indestrutibles que a lingua galega xamais sufriu durante oito séculos de súa existencia literaria o grao de abouramento que actualmente padece. Isto sucede cando xa no mundo existe e funciona a UNESCO. Mais nosoutros non queremos que suceda sen que o coñeza a UNESCO. Afiuzamos que refugará a complicidade moral do silencio diante de feitos que tan brutalmente contrarian os seus propios fins e ideais.

Un derradeiro dato queremos engadir para aqueles que teñan o xeito mental de medir a importancia dos problemas culturais polas cifras estatísticas: a poboación de Galicia, de Cataluña e do País Vasco suma máis de 8.500.000 habitantes. Isto quere dicir, que a terceira parte da poboación total española padece a xenreira idiomática do Estado. A terceira parte dos habitantes do territorio español, o Estado impídelles o ceibe cultivo da súa propia lingua.

Bos Aires, novembro 1954.

Asinan esta denuncia as seguintes entidades:

CENTRO CORUÑÉS	CENTRO BETANZOS
CENTRO ORENSANO	CENTRO CORCUBIÓN
CENTRO PONTEVEDRÉS	IRMANDADE GALEGA

NOTA:
A maior institución galega de América, o Centro Gallego de Buenos Aires, en nome de seus 100.000 asociados, dirixiuse tamén á UNESCO facendo denuncia no mesmo senso.

Texto 32

Cuestións:

Nos textos 31 e 32 acláranse as estratexias tecidas para que a lingua galega resistise e sobrevivise a pesar de estar en desigualdade de condicións. Repásaas e valora desde o presente a súa eficacia e éxito. Reflexiona sobre a comparación que Henrique Monteagudo fai con David e Goliath.

Ramón Piñeiro
Profesor en EUA

Foi profesor na Universidade de MIddlebury nos Estados Unidos. O exiliado galego Emilio González López, que era o director do Departamento de Español, invitouno a dar dous cursos sobre o pensamento español. A boa acollida do alumnado ampliou a invitación durante cinco veráns máis: de 1966 a 1970. Durante toda a súa vida Ramón Piñeiro recibiu correspondencia dos seus antigos alumnos.

En Harvard e Columbia participa no VI Coloquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros, nunha sesión dedicada ás linguas galega, portuguesa e brasileira.

Ramón Piñeiro foi un pioneiro. Hoxe existen moitas universidades no mundo onde hai lectorados de lingua galega. Esas universidades invitan a escritores e artistas galegos para daren conferencias sobre a cultura galega. Moitos dos seus estudantes veñen a Galicia estudar a nosa lingua. Cres que segue, daquela, viva a idea de Ramón Piñeiro e o grupo Galaxia de construír Galicia a través da súa cultura?

Ramón Piñeiro
A famosa *mesa camilla*

A construción da idea de Galicia arredor dunha mesa

Unha primeira pata

Consenso:

Entendemento e comprensión entre as distintas sensibilidades ideolóxicas dentro do galeguismo porque hai unha arela común por riba das diferenzas: o benestar dos galegos e o vigor da súa lingua e cultura.

Unha segunda pata

Lealdade:

Fidelidade á memoria e exemplo legado polos galeguistas represariados e exiliados.

Unha terceira pata

Compromiso:

Entrega total a unha empresa: manter viva a identidade galega e recuperar o Estatuto de autonomía para Galicia.

Unha cuarta pata

Constancia:

A pesar das diferenzas impostas polo franquismo, interesado en ocultar as conquistas do galeguismo na Segunda República, as ideas concibidas arredor desta mesa xermolaron o prestixio para a lingua e a cultura galegas.

Fuste

Unión:

Se as necesidades son comúns, se os beneficios son para a maioría, unamos as forzas para entre todos termar dunha mesma idea.

Mesa

Unha idea posible:

Arredor desta mesa foron moitas as persoas que escoitaron pensamentos coma estes:

"Existe un pensamento desde o momento en que existe unha lingua, unha cultura, un xeito de vivir e de contemplar o mundo."

"Temos que estar abertos á realidade universal, mais ocupando un lugar activo no mundo. Galicia ten que ser algo máis que simple camiño de tránsito das ideas e correntes alleas."

Ramón Piñeiro

A continuación unha carta publicada por Manuel Rivas no xornal *El País* o día 11 de xullo de 2007 onde, co seu estilo habitual, fai unha homenaxe a Ramón Piñeiro e á súa *mesa de camilla,* arredor da que el e os seus invitados mantiveron conversas sobre o futuro democrático de Galicia e sobre o pensamento e exemplo deixado polos galeguistas que o precederan:

A mesa cósmica de Piñeiro e o HAL de Kubrick
MANUEL RIVAS

Dicía verdade, mais o que eu botei de menos no comunicado laudatorio en que se informaba da dedicatoria do Día das Letras Galegas a Ramón Piñeiro foi unha referencia á mesa. Á célebre mesa. A esa mesiña de braseiro, circular, coñecida *urbi et orbe* como A mesa camilla de don

Ramón. Non sabemos se todo un monte, o de Gaiás, parirá un rato ou un mamífero cultural, mais a mesa, aquela sinxela mesa de madeira de piñeiro de Piñeiro, foi o epicentro, o punto xeodésico, a lanzadeira dun renacemento na escuridade.

O valor da mesa de Piñeiro non vén derivado da orixinalidade como obxecto artístico ou de deseño. É unha mesa senti-pensante con braseiro épico. O moble da saudade de futuro de pretérito. Velaí un noso lugar no mobiliario universal da vangarda. Están a cadeira de Wassily (a peza emblemática da Bauhaus, en 1926), o sofá LC2 de Le Corbusier, a mesa escritorio de Marcel Breuer, a cadeira Qué Alta está a Lúa de Shiro Kuramata... Hai mobiliario, hoxe imprescindíbel, que naceu como artística provocación. Velaí o urinario de Marcel Duchamp. E nese mesmo ronsel de provocación artística, a xenial *Cama desfeita* de Trency Emin. Pois aí, nese museo dos obxectos con áurea, con vida de seu, aí entra *A Nosa Mesa*, a mesa senti-pensante de Piñeiro.

Falar de Ramón Piñeiro sen a súa mesa é como falar do rei Artur sen a Táboa Redonda ou de Michel Eyquem sen o seu castelo de Montaigne. Merece unha mención, unha lembranza, unha instalación. Jacques Derrida subliñou a importancia dos detalles limiares nos libros. A cuberta, as gardas, as páxinas de cortesía... Todo iso é esencial no libro. Pois a mesa era o gran detalle limiar de Piñeiro. Sentar na mesa con don Ramón era tamén, pola súa parte, unha páxina de cortesía. Mais quen sentaba sabía que co agasallo estaba a ser sometido a unha proba de navegación. A unha viaxe iniciática.

Xuro que a primeira vez que sentei en Xelmírez 15, aló na primeira mocidade, sentín o arrinque das turbinas e o despegue da mesa. Non dixen nada. Chovía en Santiago. O caso era dar unha volta, aínda que fora pola eternidade. Deixeime ir porque don Ramón era un piloto que transmitía confianza. Tiña uns ollos de aviador, de ave noitébrega. Absolutamente hipnóticos. E o continuo acenar dos brazos, das mans diante da túa ollada! Había quen dicía que era linguaxe xestual, mais eu coido que o que facía Piñeiro era mover as pancas da mesa e premer os mandos da cabina espacial da nave Xelmírez 15 propulsada pola mesa helicoidal de braseiro.

Unha volta na *mesa camilla*

Lembro moi ben o lixeiro abaneo, o mareo que tiña cando baixei os chanzos de Xelmírez 15, cando xa anoitecera. Mirei desde abaixo, desde a rúa mollada. Alí estaba el, na galería, cun aceno de adeus, os ollos como focos furando na noite. Era así, non é conto. Non sei se pasei a proba ou non. Coido que el desistiu de examinarme, e que me aceptou como un ocasional copiloto preguntón. Volvín unhas cantas veces. Sempre que me apetecía dar unha volta polo espazo e o tempo. Había amigos que se estrañaban. "E ti que carallo vas falar con Piñeiro?". Eu non podía dicirlles a verdade. El nunca me adoutrinou. Eu ía onda Piñeiro para dar unha volta na mesa camilla!

Aquela mesa de suposto braseiro era, en realidade, unha supercomputadora na Compostela do "ventre do silencio". Por unha banda era o lugar do oráculo. E por outra, unha extraordinaria base de datos, con información esencial. Esa dobre característica fíxome ver a mesa de Piñeiro como unha variante galega e camuflada de HAL 9000, a computadora de *Odisea no espazo*, de Arthur C. Clarke, que levaría Stanley Kubrick ao cinema. De feito, Piñeiro tiña unha voz cuspidiña á de Douglas Rain, o actor que facía de HAL. Ou era ao revés?

Verbo da semellanza entre HAL e a MESA de Xelmírez 15 é moi significativo este pensar que don Ramón introduce en *Filosofía da saudade*, a súa obra máis senlleira: "Pódese dicir que o home galego vive individualmente inmerso na natureza; máis que sometido á presión do ambiente social, vive sometido á presión do ambiente cósmico". O ambiente cósmico! Hai que volver coller o tintiman desta filosofía.

Anda moito en prensa a intelectualidade enfurruñada contra os "localismos" con lingua propia, sen ver a trabe no ollo propio. A miña opinión sobre o *Manifesto* castelanista está no refraneiro: "Galiña será, pero chéirame a can". Agora ben. Quen queira saber máis, que lea a Piñeiro. Non podemos perder o tempo con andrómenas, mentres estamos a vivir a presión do ambiente cósmico. Eu, desde agora, só falarei de cuestións lingüísticas con HAL 9000 ou coa mesa de Piñeiro.

O piñeirismo

Ramón Piñeiro, mais que polas súas obras ensaísticas, en especial a devandita *Filosofía da saudade*, é coñecido polo piñeirismo. Non abundan os casos na intelectualidade galega de ter un prolongamento, doutrinal ou estético, que se expresara en *ismo*. Non hai, por exemplo, un *currismo* (Curros), nin un *risquismo* (Risco), nin un *pedrayismo* (Otero Pedrayo)... Hai, si, moitos estudosos e amadores destes autores, como hai rosalianas ou pondalianos. Tense falado moito da ascendencia sobre Piñeiro do doutor García-Sabell, tan brillante en todo, mágoa desa soidade final nun recanto do Club Náutico coruñés. Mais non hai un *garcía-sabelismo*, e si hai un *piñeirismo*.

E que cousa o *piñeirismo*? Ese home en loita co "ambiente cósmico", que viaxaba no espazo-tempo, que fixo da mesa de braseiro unha supercomputadora, era tamén un paradigma de realismo. Piñeiro tiña dúas conexións, en realidade complementarias. O ollar cósmico e o principio de realidade. Nel habitaban o día, a noite e máis a aurora. Coñeceu a aurora na adolescencia e nun período moi breve, o da esperanza galeguista e republicana. Despois caeu a noite e coñeceu a clandestinidade nos anos máis crueis da ditadura. Foi, pois, un resistente, que acabou

na cadea cando era sinónimo de morte. Ao saír do cárcere, talvez viviu o máis dramático dilema. Proseguir a resistencia política directa ou tentar resistir por medio do que chamou a tarefa cultural. Sempre ficará a dúbida de se foi atinada a decisión de aplicar a eutanasia ao Partido Galeguista, en doloroso enfrontamento cos exiliados.

O nome escollido para a operación cultural foi magnífico (Editorial Galaxia, outra vez o cósmico!) e o proxecto foi realizado co esforzo dun dos mellores equipos que tivo Galicia, nos que sobrevive polo menos un *prometeo*, Francisco Fernández del Riego.

O *piñeirismo* era unha ecuación simple: democracia + autonomía + europeísmo. E logo unha técnica, sobre todo unha técnica. O traballo coas elites. A sedución das elites. Hoxe toca pesar pan. Así que no balance positivo, dous intres históricos: o movemento contra o aldraxe da discriminación estatutaria e o acadar un consenso para a Lei de normalización lingüística, mesmo convencendo á dereita máis de a ceacú.

Don Ramón Piñeiro ter non tivo moitos medios. Viviu sempre de xeito humilde. O asombroso é que sempre tiña tempo. E, sobre todo, tiña unha mesa cósmica.

Texto 33

Cuestións:

Quizais con todo o traballo feito lendo e respondendo a todo o anterior poderías escribir un comentario crítico sobre o artigo de Manuel Rivas, principalmente do seguinte parágrafo:

O piñeirismo *era unha ecuación simple: democracia + autonomía + europeísmo. E logo unha técnica, sobre todo unha técnica. O traballo coas elites. A sedución das elites. Hoxe toca pesar pan. Así que no balance positivo, dous intres históricos: o movemento contra o aldraxe da discriminación estatutaria e o acadar un consenso para a Lei de normalización lingüística, mesmo convencendo á dereita máis de a ceacú.*

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística